



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE
Xullo 2025



Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de xullo de 2025**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2024 e anteriores.

O INE estima que neste mes de xullo abriron de media en Galicia arredor de 5.800 establecementos de aloxamento turístico que ofertaron 147 mil prazas –cifra que en liñas xerais mantense estable en relación ao dato do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento variable a nivel das tipoloxías. En particular a oferta increméntase en dúas delas –un 5% nas pensións e un 8% nos apartamentos turísticos-, mantense estable nos hoteles e nos cámpings, e descende claramente en turismo rural –un 12%- e nos albergues –un 17% neste caso-.

XULLO 2025


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 25/24	Nº	Var. 25/24	Nº	Var. 25/24	%	Var. 25/24
HOTEIS	480.415	3,0%	1.069.722	2,8%	2,23	-0,1%	60,46%	1,68
PENSIÓNS	155.144	3,2%	255.827	5,1%	1,65	1,8%	42,37%	0,35
ESTAB. HOTELEIROS	635.559	3,0%	1.325.548	3,3%	2,09	-3,5%	55,84%	1,20
APTOS. TURÍSTICOS	45.697	13,0%	158.590	10,9%	3,47	-1,9%	42,10%	1,05
CÁMPINGS	112.158	15,9%	429.348	18,4%	3,83	2,1%	45,68%	3,95
TURISMO RURAL	26.278	-1,9%	61.900	1,5%	2,36	3,4%	36,98%	5,11
ALBERGUES	157.607	7,1%	173.062	4,8%	1,10	-2,1%	46,55%	5,91
ESTAB. EXTRAHOTEL.	341.740	9,8%	822.900	12,4%	2,41	2,4%	-	-
TOTAL	977.299	5,3%	2.148.448	6,6%	2,20	1,2%	-	-

- O segmento do aloxamento turístico de Galicia –hoteles, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues- presenta agora en xullo un comportamento positivo. En particular, increméntase o volume de noites –nun 6,6% en relación ao pasado ano- como consecuencia dun crecemento da cifra de viaxeiros aloxados –do 5,3%- nun contexto de leve mellora da estadía media.
- Neste contexto Galicia supera os 2,1 millóns de pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo no mes de xullo, a cifra máis alta da serie histórica –supera por terceira vez nos últimos catro anos a barreira de 2,1 millóns de noites neste sétimo mes mais agora en 2025 faino con maior diferenza-. Neste punto cabe ter en

conta, en todo caso, que as comparacións anteriores a 2021 non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde ese ano, as cifras dos albergues -que supoñen un incremento adicional de 173 mil noites-. En ausencia de albergues a evolución sería similar, rexistrando a nosa comunidade tamén neste caso o nivel máis elevado da serie con case dous millóns de pernoctacións.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Xullo 2016-25



- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia -o primeiro estado de alarma declarouse en marzo dese ano-. Rexistrárase unha perda importante, de algo máis do 40% no número de viaxeiros e noites -polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se recupera parcialmente en 2021 e totalmente en 2022 e anos posteriores -superando o nivel de demanda previo á crise-. A tendencia marca certa estabilidade da demanda en 2023 e caída do 5% en 2024 previas ao crecemento agora en 2025, circunstancia que permite superar novamente a barreira de 2,1 millóns de noites.
- Neste mes Galicia colócase como o sétimo destino máis importante do Estado -mantén o posto de xuño mais mellora a posición dos meses anteriores-, absorbendo o 3,2% do total estatal. Cataluña é neste mes o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con preto de 14,1 millóns de pernoctacións -o 21% do total-. lidera por vez primeira neste ano o ranking estatal substituíndo a Baleares, que encabezou a lista de destinos españois nos dous últimos meses, e a Canarias, que o fixo nos sete anteriores-.
- Logo de Cataluña sitúanse a continuación xustamente Baleares -con case 13,0 millóns de noites-, Andalucía -con máis de 9,5 millóns de pernoctacións-, Canarias -con 9,2 millóns de noites-, a C. Valenciana -con 7,2 millóns- e Madrid -con preto de 2,9 millóns de noites neste caso-. Estas seis comunidades agrupan neste mes ao 83% do total da demanda turística colectiva do conxunto de España. Nun segundo




grupo sitúase Galicia -con algo máis de 2,1 millóns de noites- por diante de Castela e León, do País Vasco e dos restantes destinos do Estado.

- Obsérvase neste mes un comportamento positivo da demanda a nivel das comunidades autónomas por canto a maioría delas -once en particular- superan os niveis de demanda do pasado ano. Tres destinos -Balears, Cataluña e Madrid- mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os tres restantes amosan caídas en termos interanuais -moi suaves en Castela A Mancha e Navarra, e de maior intensidade en Murcia, do 13% neste caso-.
- Así, once destinos superan os niveis de demanda de xullo do pasado ano, con maior intensidade A Ríoxa -rexistra un incremento próximo ao 14%- por diante dun grupo de comunidades localizadas no norte peninsular -Galicia e Castela e León, que presentan subas do contorno do 7% interanual, e Aragón, cun incremento do 6% neste caso-. No lado contrario os crecementos máis moderados localízanse en Asturias, con subas inferiores ao 2% en relación ao pasado ano.
- Galicia sitúase, por tanto, no grupo de comunidades de mellor comportamento en termos relativos, rexistrando a segunda taxa de crecemento máis elevada de todos os destinos.
- No conxunto de España o nivel de demanda sobe un 2,4% en termos globais. En consecuencia, o comportamento de Galicia mellora en catro puntos a media do conxunto do Estado.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Boa parte das comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en xullo do pasado ano, concluíndo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Marcan a excepción dunha banda Canarias -que presenta o maior incremento de cuota de mercado- e, doutra banda, Cataluña -que perde arredor de medio punto de representatividade neste caso-. Tal circunstancia cambia respecto do observado en meses anteriores -en xuño, por exemplo, era Cataluña quen reforzaba o seu peso no conxunto do Estado-.
- O comportamento da demanda permite neste caso a case todos os destinos situarse por encima das cifras previas á pandemia -con maior distancia o País Vasco e Navarra pois superan en máis dun 20% os valores de hai seis anos-. Andalucía rexistra en cambio valores máis parellos, con menos diferenza do que presentaba en xullo de 2019. Marca a excepción Murcia, único destino que se sitúa por debaixo dos niveis anteriores á crise.
- Neste mes de xullo o 62% da demanda nos aloxamentos turísticos corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis -que representan o 50%- coma ás pensións -co 12% neste caso-. O 38% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos -absorben o 7,4% da demanda total-, aos cámpings -segmento que por segunda vez consecutiva neste ano adquire maior peso co 20%-, aos establecementos de turismo rural -co 2,9%- e aos albergues -segmento que presenta tamén un peso importante pois representa o 8,1% do total neste caso-.

- Esta estrutura cambia en comparación coa observada nos meses anteriores e encaixa cun período de temporada alta, cun peso aínda importante pero decrecente do segmento hoteleiro e protagonismo para os cámpings e albergues no ámbito non hoteleiro.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Xullo 2025




- Obsérvase neste mes un comportamento positivo da demanda a nivel das diferentes tipoloxías de aloxamento. Así, increméntase o volume de noites en todas elas, con diferente intensidade.
- Destaca en intensidade o crecemento observado nos cámpings, segmento que supera nun 18% o número de noites de xullo do pasado ano. Amosan tamén subas importantes os apartamentos turísticos -do 11%- e máis moderadas as pensións e albergues -ambos cun incremento medio do 5%- os hoteis -cunha suba do 3%- e os aloxamentos de turismo rural -tipoloxía que por segunda vez neste ano, igual que en abril, presenta unha dinámica positiva aínda que suave, do 1,5% neste caso-.
- Neste contexto cabe sinalar o bo comportamento observado nos cámpings pois ademais de rexistrar a taxa de crecemento máis elevada agora en xullo consolida unha dinámica positiva importante neste 2025, con incrementos notables en seis dos sete meses considerados.
- Esta dinámica mantén os niveis de demanda de catro tipoloxías por encima dos valores anteriores á pandemia -con maior distancia os apartamentos turísticos e en valores máis próximos os hoteis-. Marcan a excepción os aloxamentos de turismo rural -fican unha vez máis por debaixo dos valores anteriores á crise, con porcentaxes de recuperación por encima do 90% neste caso-.
- O comportamento da demanda -número de noites- vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados, con axustes de diferente dirección e intensidade da estadía media.



- O crecemento da demanda nos hoteis vén como consecuencia de contrapoñer comportamentos variables a nivel das categorías. Así, increméntase o volume de noites no segmento máis alto -hoteis de catro e cinco estrelas, nun 6,0%- e naqueles de tres e unha estrela -arredor do 2% en ambos-. Descende, en cambio, a demanda no segmento de dúas estrelas -nun 1% neste caso-. No ámbito das pensións o comportamento ten tamén un carácter dispar apreciándose subas naquelas de tres e dúas estrelas -do 14%- e caída nas de unha estrela -do 7% neste caso-.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticas. Xullo 2025/24, por tipoloxías




- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza positiva de 133 mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que na súa maior parte provén do ámbito hoteleiro e dos cámpings.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Neste mes só Galicia consegue homoxeneidade completa nas variacións da demanda no sentido de que presentan crecemento do número de noites en todas as modalidades de aloxamento. As restantes comunidades rexistran, en cambio, dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía.
- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento no ámbito dos apartamentos turísticos -neste segmento doce comunidades autónomas amosan resultados positivos- fronte ás restantes tipoloxías. Castela e León, Aragón e A Rioxa son os destinos de maior crecemento da demanda neste segmento. Andalucía, en cambio, presenta a suba máis moderada.
- No ámbito de turismo rural obsérvase tamén un comportamento positivo xeneralizado, con once destinos superando as cifras do pasado ano -líder en intensidade Extremadura, por diante de Andalucía e Murcia-. As restantes



comunidades -seis neste caso- amosan en cambio caídas do número de noites -con maior intensidade en Madrid-.

- Nas restantes modalidades é maioría o número de destinos que presentan crecemento da demanda agás nos albergues. Así nove destinos sitúanse por encima dos niveis de demanda de 2024 no ámbito hoteleiro, con A Ríoxa á cabeza en intensidade. Sete destinos amosan crecemento da demanda no ámbito dos cámpings, sendo neste caso Navarra e Galicia as comunidades coa taxa de maior intensidade.
- Presenta unha vez máis un comportamento máis dispar a nivel territorial o segmento dos albergues pois neste caso só cinco comunidades presentan resultados positivos -con maior intensidade en Aragón-. Dúas mantéñense estables mentres que seis amosan caídas de diversa intensidade. Por ausencia de datos non se poden estimar variacións interanuais para catro comunidades autónomas.
- Galicia colócase neste caso en posicións variables, con mellor comportamento relativo no segmento dos cámpings -rexistra a segunda porcentaxe de crecemento máis alta de todas as comunidades- e peor dinámica no ámbito do turismo rural -con posicións baixas en termos relativos-.
- En termos de volume Galicia ocupa posicións variables nas diferentes modalidades de aloxamento. Lidera o ranking estatal no segmento dos albergues -é a comunidade con maior volume de noites nesta tipoloxía- mais descende á quinta posición nos cámpings, á sétima posición no ámbito hoteleiro e nos apartamentos turísticos, e sitúase en lugares inferiores -posto número 11- no segmento de turismo rural.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Xullo 2025




- Neste mes, o 77% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 26% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor nacional, segmento maioritario que representa o 51%- . O mercado internacional



absorbe a porcentaxe restante, o 23% do total da demanda neste caso -porcentaxe inferior á dos últimos meses, e inferior tamén, por vez primeira nos últimos catro meses, á do interno-.

- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e cambian levemente en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do mercado nacional sitúase no 71% -cun 20% para o interno e 51% para o que procede do resto do Estado-, ficando o 29% restante para o estranxeiro.
- A nivel de mercados obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo neste mes. Así en xullo increméntase o turismo de ámbito nacional -nun 15% o interno e nun 2% o que procede do resto do Estado- así como o internacional -nun 9% neste caso-. Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións e proveñen de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados acompañadas dunha mellora da estadía media no caso dos mercados interno e internacional.
- Esta dinámica leva, desde unha perspectiva de longo prazo, a situacións algo diferentes en función do mercado de orixe. O mercado interno supera as 560 mil pernoctacións por vez primeira na serie histórica -con leve diferenza respecto do observado en 2022 e 2023-.
- O turismo internacional acada tamén cifras importantes, en realidade máximos da serie histórica do mes de xullo, superando as 485 mil pernoctacións neste 2025.
- Marca certa excepción o segmento receptor nacional pois a pesar do crecemento rexistrado agora en xullo sitúase levemente por debaixo dos valores de 2022 e 2023 -con pequenas diferenzas pouco significativas en todo caso-.

Fig. 5. Distribución da demanda por procedencia e tipo do aloxamento. Xullo 2025




- A diferenza de intensidade na variación da demanda leva a cambios pouco significativos na estrutura da mesma. Neste sentido, increméntase o peso do



turismo interno -en case dous puntos, acadando con isto a porcentaxe máis elevada dos últimos cinco anos-, mantense relativamente estable o internacional -por terceiro ano consecutivo por encima do 22%- e descende o peso do receptor nacional -en algo máis de dous puntos neste caso para situarse no 51% do total, a cifra máis baixa desde 2018-.

- O turismo de ámbito nacional é maioritario en todas as tipoloxías consideradas, en porcentaxes que van do contorno do 60% nos albergues a arredor do 75% nos hoteis, pensións e aloxamentos de turismo rural, e a máis do 80% nos apartamentos turísticos e nos cámpings. Acontece isto por vez primeira nos últimos meses pois habitualmente os albergues marcan a excepción con maior presenza do turismo internacional fronte ao nacional.
- De feito, é a segunda vez neste ano -igual que en abril- no que se aprecia maior presenza do turismo nacional fronte ao internacional no segmento dos albergues, modalidade que habitualmente presenta un perfil da demanda diferentes ás restantes tipoloxías -esta característica tamén se aprecia puntualmente noutras modalidades, por exemplo, en maio nos cámpings e nas pensións-. Con todo, agora en xullo o 40% das noites corresponden aos estranxeiros.
- O maior peso do turismo de ámbito nacional concéntrase en case todas as tipoloxías no mercado receptor, isto é, nos españois que proceden doutras comunidades autónomas -supoñen o 52% do total nos albergues, case o 60% no segmento hoteleiro e en turismo rural, e máis do 60% nos apartamentos turísticos-. Marcan a excepción neste mes os cámpings onde o segmento de maior volume e peso corresponde ao interno, dos residentes en Galicia -representan o 57% do total das noites nesta tipoloxía-.
- En tres modalidades -hoteleiro, turismo rural e albergues-o segmento de menor volume e peso é o turismo interno, o dos residentes en Galicia.


Fig. 6. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Xullo 2025/24





- A nivel de tipoloxía e mercados apréciase este mes un comportamento variable sendo maioría os que amosan unha dinámica positiva. O mellor comportamento en termos relativos concéntrase no mercado internacional que supera o número de noites do pasado ano en todas as modalidades de aloxamento, con maior intensidade nos apartamentos turísticos e nos cámpings e de forma máis suave nos albergues.
- Os mercados interno e receptor nacional combinan dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía de aloxamento. O primeiro sobe en tres modalidades -en case un 30% nos cámpings e albergues, e un 9% no segmento hoteleiro- mais descende nos apartamentos turísticos -un 19%- e no segmento de turismo rural -un 6% neste caso-.
- O mercado receptor nacional amosa maior variabilidade, con forte crecemento nos apartamentos turísticos -de case o 25%- , máis suave en turismo rural e albergues -arredor do 3% en ambos-, estabilidade no hoteleiro e caída do 2% no ámbito dos cámpings.
- Desta maneira o segmento hoteleiro e os albergues son as dúas modalidades de aloxamento que presentan un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado.
- Con esta dinámica a estrutura dos mercados cambia en cada tipoloxía de aloxamento. Así o turismo interno gaña peso no ámbito hoteleiro, nos albergues e nos cámpings -neste último con notable intensidade-, e perde cuota especialmente nos apartamentos turísticos e con menor intensidade no ámbito do turismo rural. O receptor nacional gaña peso en cambio nos apartamentos turísticos manténdose relativamente estable en turismo rural e nos albergues, e con perda no ámbito hoteleiro e sobre todo nos cámpings. O internacional, en cambio, presenta variacións inferiores ao punto porcentual en todas as modalidades, mantendo por tanto un perfil parello ao do pasado ano.


Fig. 7. Estadía media nos establecementos turísticos. Xullo 2025





- A estadía media global sitúase en 2,2 noites, cifra que apenas supera nun 1% o dato do pasado ano mais descende un 6% en comparación co nivel previo á pandemia -circunstancia que en parte débese á presenza dos albergues no cómputo global, tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento, tirando cara abaixo o dato global-.
- Son tres anos consecutivos de crecemento suave da estadía media que levan a mellorar nunha décima a cifra de 2022 -mínimo da serie histórica-. Antes da pandemia situábase no contorno de 2,6 noites.
- Os cámpings e os apartamentos turísticos rexistran neste mes as cifras máis altas do conxunto da oferta -con 3,8 e 3,5 noites de media, respectivamente-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican ben por encima das dúas noites -caso dos aloxamentos de turismo rural, con 2,4 noites, e os hoteis, con 2,2 noites- ou ben por debaixo desa cifra -con 1,7 noites as pensións e 1,1 noites os albergues-.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar. Incrementábase en tres modalidades -arredor dun 2% nas pensións e cámpings, e un 3% en turismo rural-, mantense estable nos hoteis, e descende nas dúas restantes -arredor dun 2% nos apartamentos turísticos e nos albergues-.
- Neste mes, igual que nos catro anteriores, Galicia sitúase nunha posición baixa no que atinxe ao valor da estadía media -supera tan só o valor de catro comunidades autónomas-. Canarias, con 6,7 noites, marca o valor máis elevado agora en xullo -tal como acontece en practicamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia Baleares -con 5,3 noites de media- e a C. Valenciana -con 4,3 noites neste caso-. No lado contrario a cifra máis baixa fica en Estremadura, con 2,0 noites de media neste caso.

Fig. 8. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticos. Xullo 2025





- En termos dinámicos a estadía media increméntase en seis comunidades autónomas -lideran este ranking Navarra e Asturias con subas do contorno do 5%- , mantense estable en catro e descende nos restantes sete destinos -rexistrando Murcia a caída máis notable, do 8,8% neste caso-.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento similar ao observado do lado da demanda. Neste sentido mellora o dato do pasado ano en todas modalidades, con intensidade variable.
- Destaca o incremento rexistrado nos albergues, tipoloxía que supera en seis puntos a porcentaxe do pasado ano. Presentan tamén melloras importantes os aloxamentos de turismo rural -de cinco puntos porcentuais- e os cámpings -de catro puntos-, ficando con subas de menor intensidade os hoteis e os apartamentos turísticos -melloran o nivel de ocupación en algo máis dun punto porcentual-.
- Marcan a excepción as pensións pois neste caso a mellora apenas chega ao punto porcentual, considerando esta variación como de certa estabilidade.
- Os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 60,5% de media neste mes. As restantes tipoloxías presentan unha porcentaxe non moi variable superando case todas o 40% de media -destacan neste grupo os albergues cunha ocupación do 46,5%- . A cifra máis baixa queda no segmento de turismo rural -cun 37,0% neste caso-.